

NOME E APELIDOS:

CURSO:


**2º Caderniño para a recuperación de pendentes: Temas 5 a 10
 A vida na Terra; Reinos Monera, Protista e Fungi; As Plantas; Os Animais:
 características xerais, Os Invertebrados e Os Vertebrados.**

1.- Explica cales son as principais funcións dos seres vivos e cáil é a súa unidade fundamental. Pon un exemplo de cada.

2.- **Completa** a seguinte táboa sobre as principais **características** dos **6 Reinos** dos seres vivos segundo Woese (Arqueas, Eubacterias, Protistas, Plantas, Fungos e Animais): **tipo celular, pluricelular ou unicelular, células móbiles** ou non, **heterótrofo ou autótrofo**. Nota que hai veces que os reinos teñen representantes con características diferentes.

Características Reino	Tipo celular	Organización celular	Tipo de nutrición	Mobilidade celular	Exemplo
Arquea					Bacteria metanoxénica
	Procariota				
		Unicelular ou pluricelular			
			Autótrofo		
				Non	
Animais					

3.- Cales son as principais **diferenzas** entre células **eucariotas** e **procariotas**? Compara o seu tamaño, as diferenzas na organización do seu citoplasma e as diferenzas na organización do seu material xenético (ADN). Razona as respostas.



4.- Busca nunha enciclopedia (wikipedia, por exemplo) a clasificación taxonómica das seguintes especies e completa a táboa:

Nome vulgar	Nome científico (en cursiva*)	Familia	Clase	Reino
Margarida silvestre	<i>Bellis perennis</i> L.			
Musgo común	<i>Polytrichum commune</i> Hedw.			
Gato fero	<i>Felis silvestris</i> Schreber, 1777			
Araña saltareira	<i>Salticus scenicus</i> (Clerck, 1757)			
Humano				Animal
Champiñón cultivado	<i>Agaricus campestris</i> (L.) Fr.			
Balor do pan	<i>Rhizopus stolonifer</i> Vuillemin (1902)			
Bacteria do tétanos	<i>Costridium tetani</i> Flügge, 1881			

Busca agora as categorías taxonómicas que faltan na seguinte ringleira e completa sobre as liñas de puntos:

Reino -/.....** - Clase -- Familia -- Especie

* A referencia do autor da súa primeira descrición científica adoita acompañar ao nome binomial, pero non forma parte del. Nótese que non vai en cursiva nin subliñando (como se deben escribir os nomes científicos a man, por ex. Felis silvestris Schreber, 1777)

** Aquí as Plantas e Fungos empregan tradicionalmente unha palabra diferente ao resto de organismos. Pon as dúas separadas dunha barra.

5.- Cales son as principais **diferenzas** entre a reprodución **sexual** e **asexual**? Pon algún exemplo

6.- Cómo se **reproducen** sexualmente as **plantas sen sementes**? **Esquematiza** un ciclo para **musgos** ou brións e outro para **fungos** ou pteridófitos.

7.- **Describe** en qué consiste **respiración** e **fotosíntese** e indica de qué organismos é típica

8.- Indica cales son os principais **tipos** de plantas con semente (**espermatófitas**) e **describe** os distintos xeitos de **funcionar** dos seus órganos sexuais (**estróbilos e flores**).



9.- Escribe as **diferenzas** entre **tropismos** e **nastias** en plantas, poñendo algún exemplo de cada.

10.- No reino animal:

- Cales son os órganos de **coordinación**?
- Cales os órganos con **receptores químicos**?
- Cales os sentidos que empregan **receptores mecánicos**?
- Cales os órganos con **receptores da luz**?
- Cales os órganos efectores que permiten a **locomoción**?


11.- **Describe** o **ciclo vital** dun organismo animal con reprodución sexual empregando as seguintes palabras: **fecundación, crecemento, gónadas, gametos, meiose, desenvolvemento embrionario e ovo ou cigoto**.

12.- Destaca **5 fillos** dos invertebrados e **describe** a súa anatomía e xeito de vida. Por exemplo:

Equinodermos: teñen simetría radial en estado adulto, aínda que a larva presenta simetría bilateral, desprázanse lentamente grazas a un sistema de hidrolinfa que incha os pés ambulacrais e teñen un esqueleto externo. Aliméntanse capturando presas lentas ou de pequeno tamaño, e tamén poden alimentarse raspando. Hai así predadores coma as estrelas de mar, e herbívoros coma os ourizos de mar, planctívoros como os lirios de mar e detritívoros como holoturias.

...

13.- a) Cales son as **catro clases** dos invertebrados de extremidades articuladas ou **artropodos** e qué características presenta cada un? Pon dous exemplos de cada unha das catro clases.





14.- Contesta ás seguintes preguntas **razoando** a resposta e/ou poñendo **exemplos**:

- a) Nos artrópodos, en qué consiste a **metamorfose**?
- b) Que **clases de metamorfoses** coñeces?
- c) Hai algún **outro invertebrado** que presente metamorfose? Cales?
- d) E **vertebrado**? Cal?

15.- Cales son as principais **características** que definen aos seguintes **vertebrados**? Pon **dous exemplos** de cada:

- a) Peixes cartilaxinosos ou **Condricios**:
- b) Peixes óseos ou **Osteictios**:
- c) **Anfibios**:
- d) **Réptiles**:
- e) **Aves**:
- f) **Mamíferos**: